

ENQUISA Ó ALUMNADO DO GRAO (Curso 2018/19)

A área de calidade da Facultade de Química da USC ten como obxectivo fundamental a mellora continua da ensinanza ofertada no Centro, para o cal considera imprescindible solicitar a opinión de todos os colectivos implicados.

En concreto, a visión do alumnado, que coñece de primeira man as fortalezas e debilidades do sistema, é de gran valor porque permite detectar deficiencias e tomar medidas para minimizalas.


Con este fin, realizouse unha enquisa dirixida aos alumnos do Grao en Química (dos catro cursos) ao longo do mes de xullo de 2019. Nela preguntábase sobre aspectos específicos da Facultade e da titulación que críamos non tiñan sido cubertos polas enquisas oficiais da USC. A preparación do cuestionario foi realizada coa colaboración da estudante Fátima María Díaz Freire. Esta bolseira realizou as súas prácticas extra-curriculares na Área de Calidade da USC e traballou na mellora do SGC da Facultade de Química entre os días 17 e 28 de xuño de 2019.

A participación foi baixa (50 alumnos sobre un censo de 451, o que significa un 11,1% de respostas), sendo os alumnos de último curso os máis participativos (15 alumnos dun censo de 101: 14,8%); os alumnos de segundo curso son os que menos contestaron (6 alumnos dun censo de 97: 6%) e tamén os mais críticos, como se reflexará na análise dos resultados obtidos. Esta é unha tendencia que xa se observara na enquisa do curso anterior.


A continuación móstranse as preguntas realizadas e unhas breves conclusións extraídas das respostas obtidas:

1. ¿Cal é a túa opinión, en xeral, sobre as instalacións da Facultade?


1º Grao




2º Grao



3º Grao




4º Grao




Os alumnos de primeiro curso son os máis benévolos coas instalacións (case un 93% opina que son boas /aceptables), os alumnos de 3º e 4º están tamén relativamente satisfeitos (a porcentaxe ronda o 67%). Pola contra, os alumnos de segundo curso están moi descontentos e un 67% considera que as instalacións da Facultade son malas /moi malas.

2. ¿Onde crés que están as maiores carencias nas infraestruturas?


1º Grao




2º Grao



3º Grao



4º Grao




As aulas e os laboratorios son as instalacións nas que se detectan máis carencias.

Os alumnos de segundo son especialmente críticos coas aulas (50%), e consideran que as mesas e as cadeiras son moi incómodas.


Os alumnos de primeiro ven tamén as zonas comúns, especialmente os aseos, moi defectuosos (30,8%).

3. ¿Consideras axeitado o número de alumnos por grupo nas prácticas?


1º Grao




2º Grao



3º Grao



4º Grao




Nos dous primeiros anos consideran que o número de alumnos por grupo de prácticas é aceptable nunha porcentaxe moi elevada (86% en 1º curso e 100% en 2º curso).


A partir do terceiro curso aumenta o descontento: o 80% dos alumnos de 3º cre que o número é moi elevado (aínda que un 40% non ve que ocasione problemas no desenvolvemento das prácticas); os alumnos de 4º si ven un problema no elevado número de alumnos (67%).

4. ¿Encontras o actual curso máis difícil que o anterior?


1º Grao




2º Grao



3º Grao



4º Grao




En xeral, o alumno considera que o curso actual é máis difícil que o curso anterior, aínda que hai algunhas conclusións curiosas:


- . unha importante porcentaxe de alumnos de primeiro (33,3%), de terceiro (26,7%) e de cuarto curso (40%) consideran que ese curso foi máis doado ou similar que o anterior.
- . o segundo curso é o ano máis difícil: o 100% dos enquisados consideran que é máis difícil que o curso anterior, e para un 83,3% dos alumnos iso é debido a dificultade intrínseca das materias.
- . en terceiro e cuarto curso, consideran que a maior dificultade ven dada pola elevada carga de traballo e non tanto pola dificultade das materias.

5. Os resultados académicos que obtés, ¿crés que se corresponden co esforzo que realizas?


1º Grao




2º Grao



3º Grao



4º Grao



En xeral, os alumnos consideran que as notas que acadan son baixas e non se corresponden co esforzo realizado (57,2%, 60% e 73,3%, en primeiro, terceiro e cuarto curso, respectivamente).


Aínda así, case un 43% dos alumnos de primeiro e un 40% dos alumnos de terceiro considera que as notas son as esperadas ou incluso mellores.

Os alumnos de segundo son de novo os máis pesimistas: un 83,3% dos alumnos considera que as notas son máis baixas do que correspondería ó esforzo realizado.


Estes datos confirman que primeiro e terceiro son os cursos máis doados mentres que segundo é o curso máis difícil para os alumnos.

6. ¿Cres que existen suficientes mecanismos para que os alumnos podan manifestar a súa opinión sobre o desenvolvemento do Grao?


1º Grao




2º Grao



3º Grao




4º Grao




En xeral, pensan que non hai mecanismos de participación ou que o alumnado non os coñece. Quéixanse de que facer unha enquisa a fin de curso non é suficiente. Outros pensan que non paga a pena participar nas enquisas porque non se fai caso das súas demandas.

7. ¿Estás, en xeral, contento/a de ter elixido cursar Química na USC?


1º Grao




2º Grao



3º Grao




4º Grao



Unha porcentaxe moi elevada está contento de cursar Química na USC (100%, 86,7% e 73,3% en primeiro, terceiro e cuarto curso, respectivamente).


Os mais descontentos son os alumnos de segundo curso (o 66,7% NON está contento de ter elixido Química na USC).

Nunha pregunta feita só os alumnos de 4º curso, o 80% afirmaron estar contentos coa especialidade que escolleron.




8. ¿Aconsellarías a un amigo/a que se matriculase do Grao en Química na USC?


1º Grao




2º Grao



3º Grao



4º Grao



En primeiro, terceiro e cuarto os alumnos recomendarían maioritariamente a un amigo facer Química na USC (84,6 %, 66,7 % e 73,3%, respectivamente).

En cambio, en 2º curso o 66,7% NON recomendaría a un amigo que se matriculase nesta carreira.

9. Por favor, indícanos o máis positivo e o máis negativo da túa experiencia no Grao?

Hai bastante homoxeneidade á hora de subliñar puntos fortes e débiles do Grao.

Positivo: algún profesores, compañeiros, prácticas de laboratorio, biblioteca, conferencias...

Negativo: algún profesores, demasiado esforzo con malos resultados académicos, malos horarios e organización sobre todo das prácticas, materias con excesiva carga, métodos anticuados de ensinanza.

Santiago de Compostela, 13 de Setembro de 2019

Asinado: Susana López Estévez
Coordinadora de Calidade, Facultade de Química

PREGUNTAS	PRIMEIRO CURSO 14 respostas	SEGUNDO CURSO 6 respostas	TERCEIRO CURSO 15 respostas	CUARTO CURSO 15 respostas	
Pregunta 1: ¿Cal é a túa opinión, en xeral, sobre as instalacións da Facultade?	Boa/aceptable: 92,8% Mala/moi mala: 7,2%	Boa/aceptable: 33,3% Mala/moi mala: 66,7%	Boa/aceptable: 66,7% Mala/moi mala: 33,3%	Boa/aceptable: 66,7 % Mala/moi mala: 33,3 %	
Pregunta 2: ¿Onde crés que están as maiores carencias nas infraestruturas?	Aulas: 30,7% Laboratorios: 38,5% Biblioteca: 0% Zonas comúns: 30,8% Outros: 0%	Aulas: 50% Laboratorios: 16,7% Biblioteca: 0% Zonas comúns: 0% Outros (todo): 33,3 %	Aulas: 46,7% Laboratorios: 46,7% Biblioteca: 0% Zonas comúns: 0% Outros (todo): 6,6%	Aulas: 20% Laboratorios: 33,3% Biblioteca: 0% Zonas comúns: 13,3% Outros (todo): 33,3%	
Pregunta 3: ¿É axeitado o nº de alumnos por grupo de prácticas?	Elevado: 14,3% Aceptable: 85,7%	Elevado: 0% Aceptable: 100%	Elevado: 80% Aceptable: 20%	Elevado: 80% Aceptable: 20%	
Pregunta 4: ¿Encontras o actual curso máis difícil que o anterior?	Si: 66,7 % (asignaturas máis difíciles: 41,7%; máis carga de traballo: 25%) Non, similar: 25% Non, máis doado: 8,3%	Si: 100% (asignaturas máis difíciles: 83,3%; máis carga de traballo: 16,7%) Non, similar: 0% Non, máis doado: 0%	Si: 73,3% (asignaturas máis difíciles: 26,7%; máis carga de traballo: 46,7%) Non, similar: 26,7% Non, máis doado: 0%	Si: 60% (asignaturas máis difíciles: 0%; máis carga de traballo: 60%) Non, similar: 6,7% Non, máis doado: 33,3%	
Pregunta 5: Os resultados académicos que obtés, ¿se corresponden co esforzo realizado?	Si: 35,7% Non: 64,3% (notas máis baixas: 57,2%; notas mellores: 7,1%)	Si: 16,7% Non: 83,3% (notas máis baixas)	Si: 33,3% Non: 66,7% (notas máis baixas: 60%; notas mellores: 6,7%)	Si: 26,7% Non: 73,3% (notas máis baixas)	
Pregunta 6: ¿Existen suficientes mecanismos para que os alumnos podan manifestar a súa opinión sobre o desenvolvemento do Grao?	Si: 53,8% Non: 46,2% Outro: 0%	Si: 33,3% Non: 66,7% Outro: 0%	Si: 20% Non: 73,3% Outro (descoñecen): 6,7%	Si: 33,3% Non: 60% Outro (descoñecen): 6,7%	
Pregunta 7: ¿Estás, en xeral, contento/a de ter elixido cursar Química na USC?	Si: 100% Non: 0% Outro: 0%	Si: 33,3% Non: 66,7% Outro: 0%	Si: 86,7% Non: 13,3% Outro: 0%	Si: 73,3% Non: 6,7% Outro (non sabe): 20%	O 80% está contento coa especialidade que elixiu (Pregunta 7B , solo para cuarto)
Pregunta 8: ¿Aconsellarías a un amigo/a que se matriculase no Grao en Química na USC?	Si: 84,6% Non: 15,4% Outro: 0%	Si: 33,3% Non: 66,7% Outro: 0%	Si: 66,7% Non: 26,7% Outro (non sabe): 6,7%	Si: 73,3% Non: 13,3% Outro (si, con matices): 13,3%	
Pregunta 9: Por favor, indícanos o máis positivo e o máis negativo da túa experiencia no Grao	<u>Positivo:</u> prácticas de laboratorio, profesorado, o trato na biblioteca. <u>Negativo:</u> baños sucios, excesivas prácticas, algúns profesores.	<u>Positivo:</u> os compañeiros, as prácticas. <u>Negativo:</u> algún profesores, métodos didácticos nefastos, as infraestruturas antigas, moito esforzó e malos resultados.	<u>Positivo:</u> as conferencias, algúns profesores. <u>Negativo:</u> mala organización dos horarios, sobre todo en prácticas e seminarios (todos o mesmo día).	<u>Positivo:</u> algunhas prácticas de laboratorio, as practicas externas, algún profesores, compañerismo, o baixo prezo da matrícula. <u>Negativo:</u> mala organización e programación didáctica, mala calidade da docencia, profesores os que non lles gusta dar clase.	